

Os socialistas reivindicando unha igualdade real e efectiva en materia de emprego no Día Internacional da Muller Traballadora

Así o manifestaron nun almorzo de traballo celebrado esta mañá con varios colectivos representativos das mulleres traballadoras da provincia para poñer en común as súas experiencias coa situación actual e os proxectos e retos de futuro

O PSOE denuncia que as diferenzas entre homes e mulleres agravouse nos últimos anos polas políticas de recortes e axustes dos Gobernos do PP e a súa escasa promoción das políticas de igualdade. Diferenzas que fan perder as mulleres da provincia uns 447 millóns de euros en comparación co salario masculino

Os socialistas denuncian unha situación discriminatoria insostible que se está a agravar co desmantelamento do Estado do Benestar e cos reformas laborais promovidas polo Goberno do PP e que está a levar a preto do 27% das mulleres galegas a unha posición de risco de exclusión social.

LUGO, 7 DE MARZO DE 2015.- Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora, que se celebra o 8 de marzo, os socialistas celebraron esta mañá, un almorzo informativo co obxectivo de reivindicar unha igualdade real en materia laboral de homes e mulleres.

As Secretarías de Economía e Política Social da Executiva Provincial – Pilar García Porto e Ana González Abelleira- xunto coa Vicepresidenta Segunda da Deputación de Lugo –Lara Méndez- promoveron e mantiveron unha xuntanza con diversos colectivos de mulleres da provincia de Lugo na que compartiron as súas impresións sobre as necesidades básicas e reais que fagan posible a igualdade no emprego, así como a incorporación das mulleres a todos os postos de responsabilidade ou a igualdade salarial. As participantes neste acto manifestaron a “imperiosa necesidade de promover unha igualdade real e efectiva en todas as políticas públicas e na sociedade en xeral”.

Formaron parte deste almorzo informativo representantes de asociacións de mulleres de diversos ámbitos da provincia de Lugo: a Asociación de Mulleres Empresarias, a Asociación de Mulleres Autónomas, o Secretariado Xitano, Unións Agrarias, Asociación de Mulleres con Discapacidade ACADAR, FSP-UGT, o Colectivo de Mulleres Inmigrantes e Xuventudes Socialistas.

Perda de 447 millóns de euros para as traballadoras da provincia

Nesta xuntanza analizouse en profundidade a fenda salarial entre homes e mulleres, unha diferenza que se foi agravando coas políticas de recortes e axuste do Goberno de Mariano Rajoy. As mulleres gañan a nivel nacional, un 23´93% menos, isto quere dicir que as mulleres teñen que traballar 84 días máis ao ano para percibir o mesmo salario que un home, fenda que tamén aumenta en Galicia chegando ata o 24´2%. Segundo os datos, as 50.000 mulleres traballadoras que hai na provincia, debido a diferenza salarial cos homes estimada 8.955 euros ao ano, están a perder un total de 447 millóns de euros. Tráese de cifras que, lonxe de mellorar, están a empeorar coa ausencia de políticas activas e efectivas de igualdade

Os socialistas denuncian ademais, que debido aos axustes económicos do Goberno, as mulleres teñen moitas máis dificultades para acadar un emprego, e cando o acceden a el o fan en peores condicións, con maiores taxas de temporalidade e con máis contratacións a tempo parcial. Esta situación agrávase co escaso número de políticas de igualdade entre mulleres e homes promovidas polos Gobernos Populares. De feito, chegaron incluso a entorpecelas, como no caso de Galicia onde os socialistas aprobaran a Lei do traballo en igualdade das mulleres pero o Goberno de Feijoo paralizou o seu desenvolvemento.

Cifras alarmantes

Para o PSOE "nos atopamos así ante unha situación discriminatoria insostible que se está a agravar co desmantelamento do Estado do Benestar e cos reformas laborais promovidas polo Goberno do PP". Neste senso, explican os socialistas, "as cifras son alarmantes, xa que preto do 27% das mulleres galegas atópanse en risco de exclusión social".

As mulleres galegas gañan 2´34 euros menos que os homes galegos por hora e tamén dous euros menos que a media das mulleres españolas. Galicia é a comunidade onde as mulleres perciben un salario bruto medio anual máis baixo, un 14´38% menos que o resto do Estado, é dicir, uns 2.800 euros menos ao ano. No caso dos contratos a tempo parcial as mulleres perciben un salario medio anual un 25´9% e nos que os homes na mesma modalidade, e dun 11% no caso dos contratos a tempo completo.

Compromiso co emprego en igualdade

Tendo en conta todos estes datos, o PSOE mostra a súa preocupación pola situación que están a soportar moitas mulleres, moi prexudicadas pola crise, e comprométese a loitar por unha mellora das súas condicións laborais. Os socialistas consideran que tanto o Goberno de Rajoy como o de Feijoo deben asumir as súas responsabilidades políticas neste eido e fomentar políticas activas de emprego en igualdade de oportunidades, que igualen as prestacións das mulleres coas dos homes, con pensións tamén igualitarias, e encamiñadas a compaxinar a vida laboral e familiar.

Ao remate da xuntanza as participantes comprometéronse a convocar novas sesións para continuar traballando en prol da igualdade, nas que as participantes propoñan ideas e proxectos que se podan levar a cabo para mellorar a situación das mulleres no entorno laboral.